

BASES PARA A CONTRATACION TEMPORAL DUNHA PRAZA DE CONSERXE PARA COLEXIO PÚBLICO

Sendo necesaria a contratación dunha persoa para levar a cabo as labores de conserxería e mantemento de colexio público, elabóranse as presentes bases.

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria: Contratación dun traballador para a realización dos traballos de conserxe.

SEGUNDA.-O sistema de selección será o de concurso –oposición.

TERCEIRA.- A duración e modalidade do contrato: O contrato será de duración determinada, baixo a modalidade de contrato laboral de interinidade, en tanto a praza vacante na plantilla por mor da xubilación do seu titular, non sexa provista polos medios legais e regulamentarios establecidos na *Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público* ou cando o Goberno Municipal estime que non son necesarios os seus servizos.

A praza vacante figura no cadro de persoal funcionarios deste Concello, aprobado xunto co orzamento para o ano 2008 publicado no BOP nº 111 con data de 10 de xuño de 2008, encadrada na área de ensinanza, coa denominación de subalterno/conserxe, grupo E e nivel 14.

Número de horas semanais: 40 horas.

As tarefas a levar a cabo pola persoa seleccionada consistirán principalmente en labores de conserxería, de mantemento do centro (reparacións simples), de limpeza da parte exterior do Centro e mantemento de xardíns, todas elas coordinado polo Director/a do Centro Escolar ou a Concellería de Educación do Concello.

Remuneración salarial: 1104,62 euros brutos ó mes.

CUARTA.- Requisitos mínimos:

Para tomar parte na selección será preciso cumprir os requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

- a) Ser español/a. Os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea poderán acceder en idénticas condicións cós españois a aqueles sectores da función pública ós que, segundo o dereito comunitario, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- b) Ter, alomenos, 16 anos de idade e non exceder dos 65 anos.
- c) Poseer capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- d) Non atoparse incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.
- e) Nivel de estudos mínimos: Graduado escolar ou equivalente.

QUINTA.- Selección:

- Fase de Concurso.- Méritos e sistema de cualificación:

- a) **Experiencia profesional: Ata un máximo de 3 puntos.**

Por cada mes de servizos prestados nunha administración pública na mesma categoría que a praza convocada: 0,10 puntos/mes.

Por cada mes de servizos prestados nunha empresa privada na mesma categoría que a praza convocada: 0,05 puntos/mes

Os servizos prestados acreditaranse mediante certificado orixinal do órgano da administración pública competente e mediante informe no que conste o tempo traballado, posto desenvolvido e as tarefas propias deste no caso de acreditar prestación de servizos nas empresas privadas. Así mesmo achegarase o correspondente informe da vida laboral dos solicitantes emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- b) Por cada curso de formación:** realizado con aproveitamento impartido polas administracións públicas, universidades, INEM e cursos impartidos por Colexios Profesionais e Sindicatos, que teñan relación coas funcións do posto e relacionado coas funcións propias da categoría: **máximo 2 puntos.**

Os cursos valoraranse da seguinte forma:

- de máis de 100 horas: 0,75 puntos.
- de 70 a 100 horas: 0,50 puntos.
- de 40 a 70 horas: 0,35 puntos.
- de 15 a 40 horas: 0,20 puntos.
- de menos de 15 horas: 0,10 puntos.

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante copia compulsada da realización dos mesmos.

Cando na acreditación dos cursos non figure o número de horas aplicarase a puntuación mínima.

- **Fase de Oposición:** A oposición constará de dous probas, segundo se especifica a continuación:

a) Primeira proba: ata un máximo de 5 puntos

Realización dun examen tipo test de 30 preguntas que deberán desenvolverse nun prazo máximo de 20 minutos. O exame versará sobre a totalidade do temario e para aprobala deberase ter un mínimo de 15 preguntas correctas. Cada tres preguntas incorrectas anularase unha pregunta correcta.

Temario fase oposición

Tema 1.- A administración local na Constitución Española. Regulación xurídica actual do réxime local. O municipio e as súas competencias. Servizos mínimos obrigatorios

Tema 2.- Organización dos centros escolares. Normativa sobre el funcionamento dos centros.

Esta proba será obligatoria e eliminatoria, debendo alcanzar un mínimo de 2,5 puntos para superala.

b) Segunda proba: ata un máximo de 5 puntos.

Procederáse a realizar unha proba práctica sobre o traballo de mantemento a realizar derivado das tarefas propias a levar a cabo no posto de traballo, e dicir, reparacións simples para o mantemento do centro, de limpeza da parte exterior do Centro, mantemento de xardíns, etc.

Esta proba será obligatoria e eliminatoria, debendo alcanzar un mínimo de 2,5 puntos para superala.

A cualificación final outorgarase pola suma dos méritos do concurso e a oposición. O tribunal propondrá para a súa contratación ao aspirante con maior puntuación final.

Tamén se elaborará unha lista de agarda que estará formada polos outros/as aspirantes que superaran o proceso.

SEXTA.- Prazo de presentación de solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes remata o 27 de agosto de 2008 ás 14:00 horas. As instancias solicitando participar no proceso selectivo presentaranse no rexistro xeral de entrada do Concello de Nigrán, e deberán acompañarse do correspondente currículo que se utilizará para a valoración dos méritos e xustificantes dos méritos.

Os aspirantes deberán presentar no Concello a documentación acreditativa dos méritos persoais en orixinal ou copia compulsada. En caso de utilizar outros medios admitidos en dereito deberán enviar solicitude de participación no proceso ó fax do Concello (FAX : 986 383 931) antes do citado remate de prazo de presentación.

SÉPTIMA.- Tribunal cualificador: O tribunal cualificador estará integrado polos seguintes membros:

Presidente/a: Álvaro Reinaldo Soto como titular e José Enrique Figueroa Costas como suplente.

Vocais:

- Margarita Fernández Álvarez como titular e Rosa M^a Estevez González como suplente
- Juan A. Duran Álvarez como titular e Eladio Araujo Duarte como suplente.
- Carmen Valtierra Villar como titular e M^a Jesús Pereira Lema como suplente.

Secretario/a: D. Manuel Fernández Comesaña como titular e M^a Jesús Pereira Guillen como suplente.

OITAVA.- A efectos de valorar os méritos acreditados polos aspirantes (fase concurso) convócase aos membros do Tribunal cualificador para o próximo día 29 de agosto de 2008 ás 10:00 horas na Casa Consistorial de Nigrán. Así mesmo convocase os aspirantes para a realización da proba o día 29 de agosto ás 11:00 horas na Casa Consistorial de Nigrán.

NOVENA.- Incidencias: O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten na interpretación destas bases e adoptar as resolucións, criterios ou medidas necesarias para o desenvolvemento do concurso –oposición.

A convocatoria, bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas nos casos e forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como segundo a lexislación reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

DÉCIMA.- Aos efectos de notificacións e publicacións relacionados co procedemento de selección regulado nas presentes bases, procederase mediante a publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

UNDÉCIMA.- Cursar a correspondente convocatoria e facer pública no Diario “Faro de Vigo” e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Nigrán.